

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 4 DE MAIO DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.ª María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.ª Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.ª Jéssica Méndez Sánchez

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

D. Roberto Babío Fernández

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día catro de maio do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.ª Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.ª Jéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión o Sr. interventor accidental, D. Roberto Babío Fernández.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 25 DE ABRIL DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 25 de abril de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal, Iglesias Becerra, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 25 de abril de 2022.

2.- PROPOSTA RELATIVA Á RECTIFICACIÓN DO APARTADO PRIMEIRO DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE DATA 25 DE ABRIL DE 2022 NO SEU PUNTO NÚMERO 4.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada da Área de Urbanismo e da Área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 2 de maio de 2022 (código de documento UAU16I01A5), relativa á rectificación do apartado primeiro da parte dispositiva do acordo adoptado en sesión de data 25 de abril de 2022, que transcrita di:

“PROPOSTA

Advertido un erro material no cordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 25 de abril de 2022 relativo á aprobación inicial por silencio administrativo do “Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito do solo rústico no lugar de Rumbo”.

Visto o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- rectificar o apartado primeiro da parte dispositiva do acordo adoptado en sesión de data 25 de abril de 2022 no seguinte senso:

Onde di: "(.../...) "Primeiro.- Ter por aprobado por silencio administrativo- en cumprimento da sentenza citada nos antecedentes- o "Plan especial de infraestructuras e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo" que redactou o arquitecto D. Javier Nogueiras Mascarenhas co selo e visado colexial do 18.01.2019".

Debe dicir: "(.../...) "Primeiro.- Ter por aprobado inicialmente por silencio administrativo- en cumprimento da sentenza citada nos antecedentes- o "Plan especial de infraestructuras e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo" que redactou o arquitecto D. Javier Nogueiras Mascarenhas co selo e visado colexial do 18.01.2019".

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados."

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Urbanismo e da Área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 2 de maio de 2022 (código de documento UAU16I01A5), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.- DACIÓNS DE CONTA.

3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 12 de abril de 2022, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia para a adquisición de novidades editoriais (Programa A) e para a mellora das coleccións no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa B), ambas en formato físico, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT235A) (Diario Oficial de Galicia número 24, do 4 de febreiro). DOG núm. 79 do 26-04-2022.
- Anuncio do 1 de abril de 2022, do Concello de Culleredo, de xestión da biomasa (expediente UME/2021/595). DOG núm. 79 do 26-04-2022.
- Orde do 25 de abril de 2022, da Consellería de Política Social, de modificación da Orde do 31 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento BS700A). DOG núm. 81 do 28-04-2022.
- Orde do 26 de abril de 2022, da Consellería do Medio Rural, pola que se modifica a Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (códigos de procedemento MR651A e MR651B). DOG núm. 82 do 29-04-2022.

- Resolución do 21 de abril de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 15, do 24 de xaneiro) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos. DOG núm. 84 do 02-05-2022.
- Anuncio do 19 de abril de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Xefatura Territorial da Coruña-, de comunicación da data de ocupación e requirimento das follas de valoración correspondentes aos bens e dereitos afectados por unha instalación industrial (proxecto sectorial de incidencia supramunicipal), no concello de Culleredo. DOG núm. 84 do 02-05-2022.
- Resolución do 29 de abril de 2022, do Instituto de Estudos do Territorio, pola que se amplía o crédito das axudas previstas na Resolución do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrência non competitiva para o ano 2022 (código de procedemento MT420B), tramitado como expediente anticipado de gasto. DOG núm. 85 do 03-05-2022.
- Resolución do 21 de abril de 2022, da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas Territorio Cultura ao abeiro dos fondos de NextGenerationEU e o Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241 e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT404F). DOG núm. 85 do 03-05-2022.
- Anuncio do 31 de marzo de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á convocatoria do procedemento selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de técnico/a de urbanismo de Administración especial, subescala técnica, funcionario/a de carreira, polo procedemento de oposición. DOG núm. 86 do 04-05-2022.
- Extracto da Resolución núm. 18252/2022 do 19 de abril, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2022. BOP núm. 78 do 26-04-2022.
- Resolución do 26 de abril de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa FO207: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2022. BOP núm. 79 do 27-04-2022.
- Anuncio do 25 de abril de 2022, do Concello de Culleredo, declarando deserta a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de traballador/a social. BOP núm. 81 do 29-04-2022.
- Anuncio do 25 de abril de 2022, do Concello de Culleredo, de aprobación do padrón fiscal da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública ano 2022. BOP núm. 81 do 29-04-2022.
- Anuncio do 26 de abril de 2022, do Concello de Culleredo, de aprobación do padrón fiscal da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa ano 2022. BOP núm. 81 do 29-04-2022.
- Resolución do 28 de abril de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa FO106: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2022. BOP núm. 81 do 29-04-2022.

C.I.F. P-1503100-H

			1º, 2º e 3º trimestre de 2022. Conceder unha axuda económica en concepto de recibo de electricidade, correspondente as facturas de data de emisión de novembro e decembro de 2021 e facturas do ano 2022 ata o mes de outubro. Conceder ao interesado o Bono de alimentos tipo B, durante o ano 2022.	
21/04/22	824	Conceder a ***2424** unha axuda económica	Pago de aluguer correspondente aos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2021 e xaneiro de 2022 (230,46€/mes).	1.152,30 €
22/04/22	851	Conceder a ***18819** unha axuda económica.	Pago de aluguer correspondente aos meses de novembro e decembro de 2021 e xaneiro de 2022 (340€/mes) e parte de febreiro de 2022 (138€).	1.158,00 €
22/04/22	855	Conceder a ***8588** unha axuda económica.	Pago de aluguer correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2021 (300€/mes) e parte de xaneiro de 2022 (258€).	1.158,00 €
22/04/22	856	Conceder a ***8380** unha axuda económica	Pago de aluguer correspondente aos meses de abril, maio, xuño, xullo e agosto de 2021 (200€/mes) e parte do recibo de setembro de 2021 (129€).	1.129,00 €
22/04/22	857	Conceder a ***3984** unha axuda económica	Para o pago fianza e aluguer.	1.158,00 €
22/04/22	858	Conceder a ***6018** unha axuda económica	Pago de aluguer correspondente aos meses de novembro de 2021 (400€), decembro de 2021 (400€) e xaneiro de 2022 (358€).	1.158,00 €
22/04/22	859	Conceder a ****6197* unha axuda económica	Pago da fianza e recibos de aluguer da nova vivenda.	1.158,00 €
22/04/22	860	Conceder a ***8603** unha	Pago de aluguer de correspondente aos	623,23€,

		axuda económica	meses de agosto, setembro, outubro, novembro e decembro de 2021 (75€/mes), xaneiro, febreiro e marzo de 2022 (75€/mes) e parte do mes de abril de 2022 (23,23€). Conceder unha axuda económica para o pago de recibo de auga correspondente a deuda da factura 1502-2021/00055625. Conceder unha axuda económica en concepto de recibo de electricidade correspondente ás facturas de data de emisión, 15/09/2021 (66,89) 18/10/2021 (60,24€), 18/11/2021 (45,41€), 15/12/2021 (44,86€), 19/01/2022 (58,98€), 23/02/2022 (85,20€)	172,19€ 361,58 €
22/04/22	861	Conceder a ****6526* unha axuda económica.	Pago de aluguer correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2021, xaneiro e febreiro de 2022 (225€/mes) e parte do mes de marzo de 2022 (33€).	1.158,00 €

C.I.F. P-1503100-H

***TARXETA ESTACIONAMIENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Vixencia
22/04/22	853	Conceder a ***4505** a tarxeta de estacionamiento por razón de discapacidade.	10 anos
22/04/22	854	Conceder a ***7794** a tarxeta de estacionamiento por razón de discapacidade	10 anos

SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS

1.AREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE:

PROGRAMA V de solidariedade e participación

Proxecto 2 de Dinamización social

Reapertura ao público dos **ESPAZOS DE ENCONTRO** dos centros sociais municipais

Ante a redución de restriccións norma sanitaria relativa á COVID-19 , a partir do día 20 de abril reábríronse ao público estes espazos ,moi utilizados polas persoas maiores do concello para a tertulia, os xogos de mesa, lectura e socialización en xeral.

Aínda que desde o día 21 de abril a máscara non é xa obrigatoria en interiores, o concello ten colocados nos centros cartaces cunha chamada á prudencia nas relacións interpersonais e recomendacións de uso da máscara e mantemento de distancia en determinadas circunstancias .

O persoal municipal e de empresas de servizos que traballan en distintas actividades nos centros seguirán a levala por decisión do comité de saúde laboral do concello.

Os centros da zona urbana, con mais afluencia de público contan con conserxería que estará pendente da evolución do tránsito entre a situación sanitaria da que vimos á nova que se plantexa desde a entrada en vigor do recente *Decreto 286/2022 de 19 de abril sobre o uso de máscaras pola pandemia COVID-19.*

Reabren así os ESPAZOS de ENCONTRO do centro cívico Virginia Blanco de Fonteculler, Sala Irmáns Brañas de Costa da Lonxa no Burgo, Vila Melania en Vilaboa, Peiro e Boedo.”

3.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

XOVES 5 DE MAIO.

Biblioteca Xosé Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.00 h:

Contacontos con Marisa Irimia: *A capitana Mariana!!*

Nenos/as de 4 a 11 anos.

VENRES 6 DE MAIO.

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h.

Condetrespés: *Rastros.*

Público adulto.

Reserva de invitacións na mesma semana chamando ao 981665597.”

C.I.F. P-1503100-H

3.3.- DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO XULGADO DO PENAL NÚM. 1 DA CORUÑA, EXECUTORIAS 117/2022, PROCEDEMENTO ABREVIADO 261/2021.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da dilixencia de ordenación, do 4 de abril de 2022, do Xulgado do Penal núm. 1 da Coruña, EXECUTORIAS 117/2022, PROCEDEMENTO ABREVIADO 261/2021, que (anonimizada) di:

“Constando en la Cuenta de Consignaciones de éste Órgano Judicial, y, en relación al procedimiento arriba referido, ingresada por el penado J.F.L.E. la cantidad de 800 euros, en concepto de responsabilidad civil y a favor del AYUNTAMIENTO DE CULLEREDO, de conformidad con lo dispuesto en el art. 12.4 del Real Decreto 467/06 de 21 de abril, concurriendo los requisitos en dicho precepto descritos y habiendo prestado el beneficiario su consentimiento en relación con el art. 5.1 de la Ley Orgánica 15/1999 de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Persona, **acuerdo:**

- Transferir dicha cantidad a la cuenta bancaria nºES79 2080 0065 3731 1000 0020 cuyo titular es el Concello de Culleredo.

MODO DE IMPUGNACIÓN: mediante interposición de recurso de reposición en **TRES DÍAS** siguientes a su notificación.”

3.4.- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 3 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 243/2021.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local do auto, do 12 de abril de 2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 da Coruña, PROCEDEMENTO ABREVIADO 243/2021, en cuxa parte dispositiva di:

“Se aclara la Sentencia de fecha 24 de marzo de 2022.

En el Fallo, párrafo tercero, línea tercera, cuando dice “1.321,80”, debe decir “1081,8”.

Se mantienen los demás pronunciamientos.”

3.5.- DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PEZA SEPARADA MEDIDAS CAUTELARES 118/2021 1 PA 118/2021-L.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da dilixencia de ordenación, do 1 de abril de 2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, PEZA SEPARADA DE MEDIDAS CAUTELARES 118/2021 PA 118/2021-L, que di:

“Únase el escrito con nº de registro 2470/22 presentado por la procuradora MONTSERRAT BERMUDEZ TASENDE, en nombre y representación del Concello de Culleredo **procédase a transferir la cantidad de 200 euros consignada en la cuenta de este Juzgado para pago de las costas a la cuenta que se facilita.**

MODO DE IMPUGNACIÓN:

Contra la presente resolución cabe interponer recurso de reposición, en el plazo de **CINCO DÍAS**, a contar desde el siguiente al de su notificación.”

3.6.- SENTENZA 56/2022 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 4 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 93/2021.

O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 56/2022, do 25 de abril de 2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña, PROCEDEMENTO ABREVIADO 93/2021, en cuxo fallo (anonimizado) di:

“Estimo parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por Dª C.D.A., representada por la Procuradora Doña Concepción Pérez García frente al Ayuntamiento de Culleredo, representado y bajo la dirección letrada de la Abogada Doña Mª de las Nieves Fuentes Bermejo, y contra Mapfre España S.A. representada y bajo la dirección del Abogado, D. Secundino J. García Uzal, se declara no conforme a derecho la resolución impugnada, lo que conlleva la condena del Ayuntamiento de Culleredo a abonar en concepto de indemnización a Dª C.D.A. la suma de 1.084 €, sin méritos para la imposición de costas.

Notifíquese esta resolución a las partes, advirtiéndoles que contra la misma no cabe interponer recurso de apelación y remítase testimonio de la misma a la Administración demandada, con devolución del expediente administrativo, interesando acuse de recibo”

(.../...)

3.7.- PROVIDENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO, SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO SECCIÓN PRIMEIRA, RECURSO CASACIÓN 5626/2021.

O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da providencia, do 20 de abril de 2022, do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso Administrativo Sección Primeira, que di:

“La Sección de admisión de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Supremo acuerda la inadmisión a trámite del recurso de casación preparado por la representación procesal de la mercantil OBRALAR SL,

contra la sentencia de la Sección 3ª de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia de fecha 23 de abril de 2021 dictada en el recurso de apelación nº 7205/2020,

(.../...)

Con imposición de las costas procesales a la parte recurrente, si bien la Sección de admisión fija la cantidad de 1000 euros, más IVA, si procede, como cantidad máxima a reclamar por todos los conceptos, en favor de la parte recurrida y personada

Contra la presente resolución, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 90.5 LJCA, no cabe recurso alguno.”

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H